

ORDENANZA FISCAL Número . 24
REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE INMOBLES E
INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DEPORTIVAS

Artigo 1º: - FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "Taxa pola utilización de inmobles e instalacións municipais deportivas".

Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Contitúe o feito impoñible da Taxa, a utilización de inmobles e instalacións municipais deportivas."

Artigo 3º:-SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria ás que se outorgue licencia para utilización de inmobles e instalacións municipais deportivas ou quen se beneficie do aproveitamento se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 4º: -RESPONSABLES

1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

- Epígrafe primeiro:pavillóns polideportivos cubertos: 10,48 €/hora ou fracción.

- Epígrafe segundo:Local Náutico de Bastiagueiro:

Abono básico (uso de vestiarios, duchas e custodia de táboa de surf ou kaiak e o traxe de neopreno): 7,84 €/mes ou fracción.

Suplemento no abono básico por custodia de cada kaiak a maiores: 2,24 €/mes ou fracción.

Suplemento no abono básico por custodia de cada taboa de surf a maiores: 1,12 €/mes ou fracción.

Artigo 5º.Bis.- BONIFICACIÓNS

1.- Gozarán dunha bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas, aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñece o título de familia numerosa de carácter especial.

2.- Gozarán dunha bonificación dun 15% do importe das cotas tributarias sinaladas nas Tarifas, aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñece o título de familia numerosa de carácter xeral.

Consideraranse familias numerosas de categoría general e especial as reguladas polo artigo 4 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas, ás que se recoñecese tal condición, conforme se establece polo artigo 5 da citada Lei.

Co fin de acreditar a condición de membro de familia numerosa, os suxeitos pasivos ós que corresponda a aplicación da bonificación, achegarán ao impreso de pagamento de taxas, fotocopia compulsada do D.N.I. e do título oficial de familia numerosa.

3.- Gozarán dunha bonificación dun 100 % do importe da cota tributaria sinalada na epígrafe primeira das tarifas, as entidades deportivas sen ánimo de lucro que estean incluídas no Rexistro Municipal de Entidades, en horarios de adestramento.

Artigo 6º: - NORMAS DE XESTIÓN

1. As cantidades esixibles co arreglo ás Tarifas autoliquidaranse polos suxeitos pasivos.

2.- Cando a utilización privativa leve aparellada a destrución ou deterioro das instalacións municipais, o suxeito pasivo da Taxa estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos foran irreparables, o Concello será indemnizado na cuantía igual ao valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos dañados.

3.- Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non se leve a cabo a utilización das instalacións procederá a devolución do importe correspondente.

4.- Cando o disfrute das instalacións precise estar en posesión de licenza federativa, o custo da mesma será a cargo do beneficiario, por non estar incluído nas tarifas.

Artigo 7º: - DEVENGO

A Taxa devengase coa utilización dos inmobles municipais deportivos, esixíndose o seu pago con anterioridade á utilización, isto é, no momento de solicitar a oportuna licenza e aboándose ésta mediante autoliquidación.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 1.999, permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA:

Constátase que a presente Ordenanza aprobouse provisionalmente polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 11 de novembro de 1.998, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 299 de 31 de decembro de 1.998.

Por Pleno de data 28 de xullo do 2004 modificouse o artigo 5º e incorporouse o artigo 5º bis, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 280 de 4 de decembro do 2004.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificáronse os artigos 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 5º Bis e 7, publicándose os seus textos íntegros no BOP Nº 285 de 12 de decembro do 2008.

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modificouse o artigo 5º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2012 modificouse o artigo 5º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 241 de data 19 de decembro do 2012.

Por Pleno de data 31 de outubro do 2013 modificouse o artigo 5º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 3 de data 7 de xaneiro do 2014.